



**A CONVOCATORIA ORDINARIA de solicitude de admisión (preinscrición) en titulacións con límite de prazas existentes nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso 2020/21 contempla un prazo de SOLICITUDE EXTRAORDINARIA:**

***“Os estudantes que non puideron matricularse en ningunha das titulacións solicitadas despois dos 4 primeiros chamamentos, poden solicitar unha modificación da preinscrición o 27 de agosto, para substituír as titulacións xa pechadas por titulacións con prazas vacantes.”***

Os estudantes da que teñan feita a preinscrición ordinaria e non puideron matricularse en ningunha das titulacións solicitadas despois dos 4 primeiros chamamentos, poden solicitar unha modificación da preinscrición engadindo titulacións con prazas vacantes a continuación das xa solicitadas (estas solicitudes terán efecto a partir do chamamento que se realizará o 3 de setembro).

Tendo en conta que a aplicación Informática NERTA só admite a solicitude de 5 titulacións diferentes e un máximo de 10, se son repetidas, o formulario contempla a posibilidade de eliminar algunha das solicitudes xa feitas. Teña en conta que desaparecerá da lista de espera desas titulacións que elimine e non poderemos convocalo aínda que se produzan vacantes.

Faise pública a [Relación de Titulacións](#) das tres universidades galegas que poden solicitar, en previsión de que poidan quedar prazas vacantes e do [enlace ao formulario para poder facer a solicitude](#)

[ENLACE COA RELACIÓN DE TITULACIÓNS](#)

[ENLACE AO FORMULARIO PARA PODER FACER A SOLICITUDE](#)